

No segundo caso, se o animal ten bolo e conserva alomenos un dos dous crotais está perfectamente identificado. No caso de perder os dous temos que asegurarnos que ten bolo e solicitar un duplicado do seu número (igual que no caso anterior). Neste caso e a falta de ter lector, recomendamos se comunique ós servizos veterinarios oficiais da vosa OAC e se espere ó saneamento para coñecer o número de identificación do animal.

No terceiro caso haberá que reidentificar o animal. Para iso, os servizos veterinarios oficiais da vosa OAC deberán ir a vosa explotación para reidentificar o animal e asignar un novo crotal.

Outros puntos a ter en conta

Todos aqueles animais identificados durante o ano 2010 que teñen os dous crotais e están a fata da colocación do bolo seguen sen estar correctamente identificados. A Consellería do Medio Rural aínda non deu solución a estes casos e estamos pendentes de saber como deben actuar os gandeiros neses casos.

Para calquera dúbida contactade cos técnicos de OVICA

PROGRAMA DE CRIA DE MASTÍNS

O nacemento de dúas camadas o mes pasado permítenos por a disposición de todos os gandeiros crías de mastíns do Programa de Cria de OVICA.

Este ano os custes de cría, identificación, desparasitación, vacinación e distribución dos cans están pendentes do apoio da Consellería do Medio Rural. Como en principio non temos ese apoio os prezos són os seguintes:

Cadelo/a de raza mastín leonés de 2 – 3 meses de idade, correctamente identificado, desparasitado e vacunado e dous exemplares de manuais de cría e coidado do mastín:

Socio → 236,00 €

Non socio → 295,00 €

Prezos co IVE incluído

**Para facer o teu pedido chama os seguintes
teléfonos: 669 128 946 – 687 778 013**

COMPRA – VENTA

- Mércanse 50 añas e 50 cabritas de recría – 617 334 464 – Monforte de Lemos (Lugo)
- Véndense rabaño de 80 ovellas con carneiros – 696 891 663 – Mesía (A Coruña)
- Véndese rabaño de 50 ovellas galegas – 610 353 983 – Abegondo (A Coruña)
- Véndense 150 cabras – 620 186 650 – Allariz (Ourense)
- Véndense rabaño completo de 240 cabras – 629 479 623 – Xinzo de Limia (Ourense)
- Véndense 12 ovellas galegas – 676 388 235 – 982 168 056 – Muras (Lugo)
- Véndese rabaño de 100 ovellas negativas a Paratuberculose e libre de Maedi-Visna – 661 508 269 – Chantada (Lugo)
- Véndese unha parella de cabras ananas – 669 268 850 – 606 258 950 – Outeiro de Rei (Lugo)
- Véndense cabras próximas a parir en Allariz – 687 207 980 (Fernando) e 667 093 154 (Nuria)
- Véndense 150 ovellas – 686 304 617 – Baños de Molgas (Ourense)
- Véndese rabaño de 180 ovellas, para parir en maio, e material diverso (comedeiros, tolvos,...). 608 879 938 - A Pastoriza (Lugo)
- Véndense 25 ovellas, xuntas ou por grupos e un Border Collie macho de 3 meses – 630 941 854 – O Corgo (Lugo).
- Véndense dous mastíns leoneses adultos – 649 588 235 – Curtis (A Coruña)



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 65 FEBREIRO 2011

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense

Correo Electrónico: ovica@ovica.org

Páxina web: www.ovica.org

ASAMBLEA XERAL DE OVICA

O vindeiro sábado 12 de marzo ás 10:30 OVICA celebrará no Hotel Alfonso IX de Sarria (Lugo) a Asamblea Xeral Ordinaria correspondente ó exercicio 2010. É necesario que confirmedes a vosa asistencia para quedarse ó xantar (ata o día 9 de marzo).

AXUDAS

A Xunta de Galicia publicou a axuda para as CUMAs (cooperativas de utilización de maquinaria agrícola), SATs e outras cooperativas na que se subvenciona a adquisición de maquinaria agrícola e a realización de estudos de viabilidade para a planificación da adquisición de maquinaria agrícola. O prazo de solicitude ata o 17 de marzo. **Para calquera dúbida, poñédevos en contacto con OVICA.**

SOLICITUDE DE REUNIÓN CO CONSELLEIRO

O pasado mes de Xaneiro, OVICA solicitou unha reunión con Samuel Juárez Casado, Conselleiro de Medio Rural. Os principais puntos a tratar son:

- A problemática do lobo e Programa de Cría de Mastíns de OVICA

- Outros temas de interese para o sector

Esperamos resposta da Consellería para poder tratar estes temas tan importantes para o noso sector.

SITUACIÓN ACTUAL DO CONTRATO DE EXPLOTACIÓN SUSTENTABLE

Dende o ano 2008 a Consellería do Medio Rural ven aplicando o Contrato de Explotación Sustentable (CES), unha das principais liñas de actuación do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia 2008-2013 (PDR). Xa dende finais de 2010 por diferentes vías, ningunha delas oficial, a Consellería foi lanzando "rumores" sobre a solicitude do CES para o ano 2011.

Finalmente no mes de xaneiro fíxose oficial, na nova campaña 2011, os gandeiros que non teñan aprobado o CES nas campañas anteriores (2008, 2009 ou 2010) non poderán solicitar esta axuda. Isto supón un paso atrás no fomento de medios de explotación máis autosuficientes e sostibles. Por outra banda, as recentes reunións para a próxima reforma da PAC suxiren que os requisitos para manter as axudas deberán pasar por sistemas de compromisos moi semellantes os xa aplicados para o CES. Deste modo a Xunta de Galicia amosa outra vez a súa falta de compromiso co rural e co seu futuro.

Para acabar, durante o mes de febreiro a Consellería distribuíu a algunhas entidades de aconsellamento unha nota na que se facía referencia ós gandeiros que solicitaron por primeira vez o CES na campaña 2010. Destes documentos sacábase a conclusión que non se ían a aprobar as novas solicitudes do 2010.

Finalmente o Conselleiro, en rolda de prensa, rectificou *in extremis* a postura. Aínda así, a día de hoxe, os gandeiros non recibiron notificación oficial da aprobación.

Dende OVICA vamos seguir traballando para manter este servizo e para que os gandeiros que solicitaron esta axuda poidan cobrala.



CAIXA RURAL GALEGA

ENTREVISTA A:

Eloy Prieto Prieto

Plornedo – Castrelo do Val – Ourense

¿Cando e como empezaches?

Arranquei a gandería hai 13 anos. Había na casa unhas 30 ovellas e mercamos unhas 115 máis. Despois fun recriando ata as 220 actuais. Elixín as ovellas porque era máis doado, o investimento é menor que noutras producións e no pobo había xa vacas de carne, pero ían a menos. Así que tentei de facer algo distinto.

O principio houbo problemas, sobre todo para acadar unha boa superficie para pacer. O principal problema foi e é o minifundio, o que impide a correcta xestión das fincas.

¿Como fas co manexo?

Procuo ter partos todo o ano. De feito separo poucas veces os machos. O meu mercado esíxeme ter cordeiros ó longo do ano. Aínda así, as mellores ventas son as dos meses de agosto e as do Nadal. Por outra banda, o feito de non ter moitos partos ó mesmo tempo permíteme atender cada un deles no seu cortello.

As ovellas saen a pacer tódolos días do ano. No verán, cando hai seca, teño pastos en regadío o que me permite ter pasto verde todo o ano.

As ovellas paridas teñen unha pequena forraxeira no seu cortello e un comedero para a cebada. Despois do parto as crías quedan no cortello e as nais saen a pastar. Cando volven teñen herba seca a disposición e a cebada que non comeron os cordeiros (procuo darlles máis do que comen para que quede para as nais). Vou variando a cantidade de cebada en función de cada ovella (un ou dous cordeiros, ovella delgada ou con problemas,...).

Eu crío cordeiro leital. Os cordeiros non saen e desta forma collen peso moi rapidamente a base de leite da nai e de cebada partida.

Non teño unha raza de ovella concreta, fun seleccionando as cordeiras que viñan das mellores nais e vou cambiando machos cada certo tempo para renovar a sangue. Tento de mercar carneiros con aptitudes cárnicas para mellorar os anos.

Comercialización

Vendo toda a produción a particulares da zona que aprecian a calidade deste cordeiro. Os meus clientes valoran que os cordeiros sexan moi novos, con alimentación a base de leite. Como non todos queren o mesmo cordeiro, adáptome as esixencias de cada un deles.

Unhas veces queren anos de 6-8 Kg (canal con cabeza e vísceras) esixindo que sexan tenros, outros prefírenos de 8-11 Kg, sendo estes últimos os máis solicitados.

O sector

En Galicia vexo dificultades neste sector por culpa da base territorial. Temos moita superficie a monte, abandonada e é moi difícil ter acceso á terra e poder xestionala debidamente.

Aínda así, non hai outra opción que tentar facelo para reducir a maleza, diminuír os incendios e **dar valor ó rural**.



A OPINIÓN DO SOCIO

Este é un espazo reservado para os socios. Neste deixaremos que todas aquelas inquedanzas e opinións que os socios queirades expresar teñan ónde ser recollidas. Podedes mandar os escritos cas vosas opinións. **Esperamos a vosa participación!**

IDENTIFICACIÓN

No Boletín nº 61 de outubro de 2010 xa publicamos as primeiras novas sobre o novo sistema de identificación que a Xunta de Galicia puxo en marcha a finais do ano pasado.

Dous meses despois da súa posta en práctica, e despois de moitas solicitudes de información por parte dos socios de OVICA, creemos interesante facer unha explicación máis polo miúdo do novo sistema e engadir algunhas recomendacións para evitar problemas ca identificación do gando.

Primeiras cousas a ter en conta

Todos os gandeiros están obrigado a ter correctamente identificados os seus animais. Todos aqueles animais maiores de 6 meses e que queden na explotación para a reprodución debe de estar identificados.

Na práctica o novo sistema de identificación consiste en dous crotais (un normal e outro redondo, que leva o *chip* electrónico). Para estar correctamente identificado, un animal ten que ter os dous crotais, de outra forma hai que solicitar un duplicado do que perdera.

Por outra parte, un dos cambios máis positivos é a eliminación dos bolos como sistema de identificación dos novos animais (agás naquelas explotacións que o soliciten expresamente).

Cómo identificar os animais (os diferentes camiños)

Os gandeiros teñen a disposición diversas formas para identificar os novos animais da explotación. A primeira opción, que recomendamos dende OVICA, é a identificación por parte do gandeiro. Neste caso o gandeiro ten que solicitar a súa Oficina Agraria Comarcal (OAC) os crotais que necesitará en función dos animais a identificar (recomendamos solicitar exactamente o número de crotais que vai facer falta para non ter que gardalos e evitar posibles perdas). Despois de colocar os dous crotais a cada animal o gandeiro ten que dar de alta os números na base de datos informatizada. Pódeo facer por distintas vías:

- **Chamar ó 012** para dar de alta o animal na aplicación informática (é máis económico facelo dende o teléfono fixo).
- **Conectarse a través de Internet** co seu PIN á Oficina Agraria Virtual (OAV). Alí pódese engadir todos os datos directamente na aplicación informática.

Por último o gandeiro pode ceder todo o traballo de identificación a unha Entidade Identificadora autorizada. Estas entidades (cooperativas, veterinarios, ...) cobran polo servizo e dan de alta o animal e, no caso de solicitalo unha vez, o gandeiro ten que facelo sempre a través desa entidade.

Dende OVICA recomendamos que cada gandeiro se faga responsable da identificación, xa que organizando por lotes de recría a tarefa require só de un pouco de organización.

Perdas de Crotal

Un punto importante a ter en conta son as perdas de crotal. Aquí podemos atoparnos con 3 casos:

- 1- Perda dun crotal do novo sistema de identificación (novos crotais amarelos)
- 2- Perda dun crotal nun animal con bolo (antigos crotais amarelos)
- 3- Perda dun crotal nun animal con sistemas antigos de identificación

No primeiro caso ó que debemos facer é solicitar un duplicado. Isto pódese facer a través da OAV, chamando ó 012 ou a través da vosa Entidade Identificadora. As tarifas son as seguintes:

- Crotal visual – 0,40 €
- Crotal electrónico – 1,30 €
- Custe de envío ordinario (ata 5 crotais) – 5,00 €